

BASES E CONDICIÓNS PARA A INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN 2026 – PROGRAMA OUTES CONCILIA

O Concello de Outes abre o prazo de inscrición desde as 9:00 horas do 16 de abril ás 14:00 horas do 29 de abril para o Campamento de verán 2026 do Programa “Outes Concilia”.

- Regulamento do “Programa Outes Concilia”. Publicado o xoves 27 de agosto de 2020. BOP núm. 139
- Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización dos servizos de conciliación da vida laboral e familiar “Outes Concilia”. Publicado o mércores 26 de agosto de 2020. BOP núm. 138

CONDICIÓNS XERAIS

CRONOGRAMA 2026

O campamento de verán levarase a cabo durante as vacacións de verán, desde o 20 de xuño, día seguinte ao remate do curso escolar 2025-2026 ata o día anterior ao inicio do curso escolar 2026-2027, podendo as familias elixir as quendas que precisen, quedando distribuídas da seguinte maneira co seu correspondente prezo público, recollido na ordenanza reguladora “Outes Concilia”.

1ª QUENDA.- do 20 de xuño ao 3 de xullo (9 días) (30 €)

2ª QUENDA.- do 6 ao 17 de xullo (10 días) (40 €)

3ª QUENDA.- do 20 de xullo ao 31 de xullo (10 días) (40 €)

4ª QUENDA.- do 3 ao 14 de agosto (10 días) (40 €)

5ª QUENDA.- do 17 ao 28 de agosto (10 días) (40 €)

6º QUENDA.- do 31 de agosto ao día anterior establecido para o inicio do próximo curso escolar 2026-2027 (30 €)

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

As exencións e bonificacións están contempladas no artigo 5 da mesma ordenanza. Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención:

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o seu custo, conlevará á exención da cota.

2.- Bonificacións:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.

A situación das persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar equipárase ás de persoas irmás.

UBICACIÓN E HORARIOS

O campamento de verán desenvolverase nas instalacións do IES Poeta Añón en horario de 8:00 a 16:00 horas. As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexibles. Para un bo desenvolvemento das actividades programadas, recoméndase a aquelas familias quen non vaian facer uso do horario completo do campamento, incorporarse sobre ás 10:00 h. e saír a partir das 13:30 h. Os menores teñen a opción de almorzar e xantar, sendo as familias as encargadas de achegar os alimentos, en termos e neveiras.

DESTINATARIOS

Está dirixido ás familias con menores dende os 3 anos (escolarizados) ata os 16 anos. Prazas limitadas.

1ª e 6ª QUENDAS.- 40 prazas por quenda

2ª, 3ª, 4ª e 5ª QUENDAS.- 60 prazas por quenda

Conforme ao artigo 8.3 do Regulamento do Programa “Outes Concilia” no caso de que as solicitudes superen o número de prazas ofertadas na convocatoria realizarase unha selección das familias por orde de inscrición. Para a adxudicación das prazas terase en conta a orde dos seguintes criterios:

1º criterio.-Familias con menores empadroados no Concello de Outes.

2º criterio.- Familias que acheguen un Informe Social que indique a necesidade do servizo en base a circunstancias socioeconómicas e familiares.

3º criterio.- Ser familias monoparentais ou familias numerosas.

4º criterio.- Familias con fillas/os de mulleres vítimas da violencia de xénero.

5º criterio.- Familias nas que algún das/os proxenitores teñan o seu posto de traballo no Concello de Outes.

6º criterio.- Familias doutros concellos cuxos menores disfruten das vacacións neste concello.

Para ser admitida/o no campamento será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.

FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes de inscrición, renuncia e devolución do prezo público deberán presentarse a través dos **modelos normalizados**, establecidos ao efecto na páxina web. Poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello de Outes (horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres).

As solicitudes de inscrición no campamento de verán 2025 só poderán realizarse mediante o modelo normalizado desde as 9:00 horas da data de inicio do prazo de presentación (luns 16 de abril) ata as 14:00 horas da data de finalización (luns 29 de abril).

As solicitudes entenderanse presentadas no rexistro onde figure cuberto o modelo de inscrición normalizado. **Deberán presentarse de xeito individual, unha solicitude de inscrición por cada menor ao que se lle asignará un número de rexistro.** No caso de máis dunha solicitude nun único rexistro este só será válido para a inscrición do primeiro menor.

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases e condicións deste procedemento. A solicitude deberá ser asinada pola persoa proxenitora, titora ou acollidora do/da menor solicitante, que actuará como representante.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o número de rexistro de entrada da solicitude.

Documentación a achegar xunto coa ficha de inscrición:

- Modelo firmado da ficha LOPD específica do Programa “Outes Concilia”
- Copia do DNI, NIE da nai/pai/titor/a/acolledor/a.
- Copia do certificado de nacemento ou do Libro de familia
- Copia da tarxeta sanitaria da/o menor ou seguro médico privado
- Documentos acreditativos de situacións específicas da familia: copia da sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou do convenio regulador; sentenzas e/ou documentos acreditativos da custodia, resolución de acollemento familiar... da/do menor.

- Documentación relacionada cos datos de saúde da/o menor, de ser o caso.
- Documentos acreditativos dos criterios para a adxudicación das prazas:

Informe social, certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental, título de familia numerosa, acreditación de vítima de violencia de xénero ou outras formas de violencias machistas; certificado de empresa ou da institución correspondente, certificado de empadramento no Concello de Outes da persoa vinculada ao domicilio onde goza das vacacións o/a menor, así como outra documentación que xustifique ditos criterios...

O persoal técnico responsable do servizo, unha vez analizadas e aceptadas as solicitudes, contactará coa persoa solicitante para requirir a documentación complementaria ou adicional que se precise, e disporá de tres días hábiles para achegala.

PRAZOS E CONDICIÓNES ESPECÍFICAS:

1. **Dende** as 9:00 horas da mañá **do xoves 16 de abril ata** ás 14:00 horas **do 29 de abril de 2026:** Inscripción no campamento de verán no formulario establecido ao efecto.
2. **20-21 DE MAIO:** Publicación na páxina web do Concello de Outes da listaxe provisional de admitidas/os e de agarda nas diferentes quendas do campamento.
3. **DO 22 ATA O DÍA 28 DE MAIO:**
 - A) Pago bancario do prezo público correspondente, de acordo ao establecido na ordenanza reguladora do programa "Outes Concilia" das persoas admitidas con praza na listaxe provisional publicada na páxina web. Pago que se formalizará conforme ao modelo informativo que figura na páxina web.
 - B) Presentación dos xustificantes de pago por correo electrónico a cimoutes@yahoo.es, recollendo no asunto o número de rexistro da solicitude.
 - C) Presentación por rexistro/ sede electrónica das renuncias ás prazas que figuran na listaxe provisional de admisión, por medio do modelo normalizado.
 - D) Presentación por rexistro/ sede electrónica das posibles reclamacións, alegacións á listaxe provisional de admisión, por medio dunha instancia xeral, nos cinco días hábiles seguintes á data de publicación.
4. **12 DE XUÑO:** Publicación na páxina web do Concello de Outes da listaxe definitiva de admitidas/os e listaxe de agarda nas diferentes quendas do campamento.

Na listaxe de agarda inclúiranse as persoas que soliciten a alta no servizo con posterioridade á finalización do prazo. As vacantes producidas serán ofertadas por orde, realizando tres chamamentos aos contactos telefónicos facilitados. De non obter resposta, non cumprir os requisitos para o acceso á praza ou non presentar a documentación requirida no prazo de tres días hábiles, causarán baixa.

5. 22 DE XUÑO: comezo da primeira quenda do campamento de verán

6. RENUNCIA Á PRAZA E/OU SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DO IMPORTE ABOADO.

Con posterioridade a obtención da praza e aboado o prezo público correspondente, só se terá dereito á súa devolución nos seguintes casos:

Devolución total da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por parte do Concello de Outes, por causa non imputable á persoa solicitante.
- Renuncia á praza adxudicada realizada no formulario establecido ao efecto por rexistro/ sede electrónica, cunha antelación mínima de 5 días hábiles ao comezo das quendas.
- Cando a persoa usuaria non poida utilizar o servizo por causas de forza maior (causa médica grave que afecte á persoa menor/ falecemento ou enfermidade grave de familiar ata o segundo grado) que deberá acreditar cos documentos xustificativos que, en cada caso, correspondan.
- Abandono da quenda por causa de forza maior (causa médica grave que afecte á persoa menor/ falecemento ou enfermidade grave de familiar ata o segundo grado) que deberá acreditar cos documentos xustificativos que, en cada caso, correspondan sempre e cando non trascurran máis do 50% dos días de duración desa quenda.

Devolución parcial da cota

- Erros no importe aboado.

Neste formulario deberá ser coincidente a persoa solicitante da devolución da cota coa persoa titular da conta bancaria que se facilita para facer o ingreso (datos bancarios).

Resultarán denegadas todas aquelas inscricións, renuncias e solicitudes de devolución de cotas non realizadas conforme ás normas e condicións específicas desta convocatoria.

Decae o dereito á praza nos supostos de incumprimento de prazos e condicións específicas da convocatoria.

Os modelos normalizados para realizar a inscrición, renuncia e solicitude de devolución do importe aboado, xunto co modelo informativo de pago, estarán dispoñibles na sede electrónica o día de apertura do prazo de inscrición.

Máis información CIM (Centro de Información á Muller do Concello de Outes) solicitando cita previa en horario de 9:00 ás 14:00 horas, no número de teléfono 981850949, correo electrónico cimoutes@yahoo.es

